

TUI: RECANTOS CON ENCANTO | CRA MESTRA CLARA TORRES



ÍNDICE

1.Contexto.....	3
2.Introdución	3
a.Xustificación.....	3
b.Obxectivos/Contidos.....	4
c.Competencias clave.....	6
d.Criterios de avaliación e indicadores observables.....	10
e.Alumnado e profesorado participante.....	15
3.Obxecto ou temática de investigación propostos.....	15
4.Proceso de deseño e elaboración da proposta.....	15
5.Actividades.....	16
6.Recursos.....	17
7.Implicación da comunidade educativa.....	18
8.Difusión dos traballos.....	18
9.Participación da biblioteca escolar.....	18

1. Contexto

Centro: CRA Mestra Clara Torres

Código do centro: 36024112

Título Proxecto: TUI:recantos con encanto

Etapa: Segundo ciclo Educación Infantil

Enlace/URL:

<https://bibliotecamestraclaratorres.blogspot.com/search/label/Recantos%20con%20Encanto>

2. Introducción

O concello de Tui atópase ao sur da provincia de Pontevedra facendo fronteira grazas ao Río Miño coa vila lusa de Valença do Minho. O CRA conta con sete aulas distribuídas polas diferentes parroquias do concello de Tui. Así mesmo, cada aula leva o nome da parroquia na que se atopa. Todas elas son aulas mixtas que escolarizan alumnado do segundo ciclo de educación infantil (4º, 5º e 6º de E.I) con idades comprendidas dende os dous ata os seis anos, propiciando así unha mellor relación entre eles e de coidado mutuo, ademais de crear unha rede de traballo cooperativo que os axuda a comprender e acadar máis doadamente os obxectivos.

a. Xustificación

O patrimonio cultural e natural de Tui forma parte da vida do alumnado aínda que pareza imperceptible e por ese motivo tratouse de visibilizar a importancia deste patrimonio para preservar e respectar o medio ambiente, a historia, a herdanza, as pegadas,... dos nosos ancestros. Por outra parte, permite coñecer, descubrir, comprender e identificar restos patrimoniais e xoias etnográficas do concello de Tui. Só se pode respectar o que se coñece e o que se vivencia polo que a finalidade será que o patrimonio forme parte de seu para sempre.

Este centro de interese, imprícase no Decreto 330/2009 de E. Infantil cos contidos da **área de coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal** abordando todos o bloques pero facendo fincapé no bloque de xogo e movemento; tamén na **área de coñecemento**

do contorno e interacción co mundo onde estarán presentes os bloques achegamento á natureza e vida en sociedade, pero dando mais protagonismo ao bloque de elementos, relacións e medidas do medio físico; e para complementar a perspectiva globalizadora da etapa de E. Infantil precísase botar man dos instrumentos da **área de comunicación e representación** a través dos bloques de contidos Linguaxe verbal/ Linguaxe artística:plástica,musical e corporal/ linguaxe audiovisual para poder comunicarse nenas e nenos coa contorna social e natural na que están insertas expresando os sentimentos e tamén para comprender as representacións da realidade que fan os seres humanos.

b. **Obxectivos/Contidos**

ÁREA 1

Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal

OBXECTIVOS	CONTIDOS			
	<i>O corpo e a propia imaxe.</i>	<i>Xogo e movemento</i>	<i>A actividade cotiá.</i>	<i>O coidado persoal e a saúde.</i>
<ul style="list-style-type: none"> •Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda. •Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas. •Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal. • Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo. • Adquisición de confianza nas capacidades propias. • Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia. • Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas. • Aceptación do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais. • Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas. • Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración. • Adquisición de noións básicas de orientación e coordinación de movementos. • Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo. • Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos. • Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade. • Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo. • Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpios e ordenados.

ÁREA 2

Coñecemento do contorno

OBXECTIVOS	CONTIDOS		
	Medio físico: elementos, relación e medidas	Achegamento á natureza	Cultura e vida en sociedade
<ul style="list-style-type: none"> • Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mais mostrando interese polo seu coñecemento. • Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados. • Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen. • Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación. • Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas • Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación... • Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándooos axeitadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental. • Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza. • Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.

ÁREA 3

Linguaxe: Comunicación e Representación

OBXECTIVOS	CONTIDOS		
	<i>Linguaxe verbal.</i>	<i>Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal</i>	<i>Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación.</i>
<ul style="list-style-type: none"> Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo. Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos. Comprender, reproducir, reescribir - tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita-, e recrear textos. Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC –ordenadores, a internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo ...- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversas, respectando quendas e escoitando atentamente. Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes. Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais. Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen. 	<ul style="list-style-type: none"> Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproector, encerado dixital, fotografías...- e das distintas técnicas -debuxo, pintura, collaxe, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...- como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias... 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación. Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas. Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica... nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como series de animación, presentacións, vídeos..., a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.

c. **Competencias clave**

Este proxecto contribúe ao desenvolvemento das competencias como elemento relevante do currículo de Infantil: **Competencia en comunicación lingüística**: diremos que o noso alumnado é competente no ámbito lingüístico xa que empregou a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións, e da conduta. Para acadar o desenvolvemento desta competencia fomentamos e dinamizamos a participación do alumnado, a toma de decisións empregando o consenso e o diálogo, respectando a diversidade de respostas, ofrecendo un clima que anime a ler, escribir e conversar. **Competencia matemática e C en CC T.**: o noso alumnado empregou e

relacionou os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento, matemático, tanto para producir como para interpretar distintos tipos de información. Tamén fixo un uso funcional de aspectos cuantitativos e espaciais da realidade que lle permitan resolver problemas relacionados coa vida cotiá. Así mesmo manexou elementos básicos matemáticos coma números de diferentes tipos: Medidas, símbolos,... en situacións reais e da vida cotiá ao mesmo tempo que realiza razoamentos matemáticos. Para acadar o desenvolvemento desta competencia fomentouse e dinamizouse a aplicación e utilización de elementos e razonamentos matemáticos para enfrontarse ás situacións cotiás e reais. Tamén promoveuse a interacción co mundo físico interactuando con el, comprendendo sucesos e feitos e previndo posibles consecuencias. Tamén coidando do medio ambiente e protexéndoo. De igual maneira, promoveuse conscientemente a influencia das persoas nos espazos, nas paisaxes pero sempre preservando a diversidade natural da zona e realizando un uso axeitado, responsable e racional dos recursos naturais do Concello e da parroquia. Para a adquisición desta competencia os docentes tivemos que dinamizar e promover a interpretación de paisaxes, as habilidades de investigación como formular hipóteses, observar, recoñecer evidencias, formular interrogantes, verificar, predecir, xerar solucións e novas ideas, descubrir alternativas. **Competencia dixital:** o noso alumnado desenvolveu esta competencia poñendo en acción a habilidade para buscar, obter, procesar e comunicar información pero tamén transformando esa información en coñecemento e botando man das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse en soportes orais, impresos, audiovisuais, dixitais ou multimedias. Para acadar o desenvolvemento desta competencia fomentáronse situacións nas cales foi necesario resolver problemas reais usando recursos Tic como blog, internet, teléfono, resolución de enigmas, códigos QR, Escornabot, búsqueda do tesouro,...**Competencia social e cívica** o noso alumnado iniciouse na habilidade para comprender a realidade

social na que vive ao mesmo tempo que cooperou, interaccionou, resolveu conflitos, tomou decisións, elixiu, tivo consciencia das emocións e as autorregulou, se expresou en diferentes situacións, valorou a vida comunitaria e comprendeu o seu funcionamento,...Para acadar o desenvolvemento desta competencia dinamizáronse situacións nas cales foi necesario resolver conflitos, dialogar, negociar, coñecer diferentes costumes, culturas, linguas, etnias, razas,...**Competencia en conciencia e expresións culturais**: o noso alumnado resolveu situacións nas que debía comprender, coñecer, apreciar e valorar diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizándoas como fonte de enriquecemento e de gozo e considerándoas como parte do patrimonio dos pobos. Tamén foron quen de apreciar o feito cultural en xeral, e o feito artístico en particular para o que deberán botar man de habilidades de pensamento, perceptivas e comunicativas, sensibilidade e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e gozalas. Neste proxecto contribuímos ao desenvolvemento desta competencia cando o centro e as aulas estiveron abertos ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, da zona converténdose nuns espazos en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; onde se manteña unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a capacidade estética e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio.

Competencia para aprender a aprender: o noso alumnado iniciouse na aprendizaxe autónoma, de saber buscar información e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo cos propios obxectivos e necesidades. Tamén foi omando consciencia das súas capacidades -intelectuais, emocionais, físicas- así como coñecer o proceso e as estratexias necesarias para desenvolve-las; deberá ser quen de interiorizar do que se pode facer por un mesmo e do

que se pode facer con axuda doutras persoas ou recursos. Tamén foi consciente do que sabe e do que é necesario aprender, de cómo se aprende e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais. Contribuíuse á mellora desta competencia dende o proceso de e-a deseñando unha práctica educativa que incidiu na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo, da resolución de problemas en robótica, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa que se vai realizar, como resolver códigos, enigmas, acertixos, e a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos. **C. Sentido da Iniciativa e espírito emprendedor:** o noso alumnado puxo en acción a conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas como a responsabilidade, a perseveranza, o autoconñecemento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos. Por outra parte debeu ser quen de elixir con criterio propio, de propoñer códigos e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans propostos.

Dende o proceso de e-a poderase contribuíuse a mellorar esta competencia sempre que se permitiu imaxinar, emprender accións, desenvolver solucións, crear, ter confianza e asumir responsabilidades.

d. Criterios de avaliación e indicadores observables

	Criterios de Avaliación	Indicadores Observables
AREA 1: Coñecemento de sí mesmo e autonomía personal	Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> • Ten unha boa coordinación de movementos. • Globalmente móvese con axilidade. • É capaz de coordinar a súa acción co dos demais compañeiros e compañeiras cando o xogo o require. • Gústalle facer encargos e ter responsabilidades
	Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.	<ul style="list-style-type: none"> • É quen de solicitar axuda cando a precisa • Ten iniciativa e intenta executala • Actúa por iniciativa propia
	Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.	<ul style="list-style-type: none"> • Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio • Realiza encaixes e quebracabezas
	Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen	<ul style="list-style-type: none"> • Intégrase en xogos en grupo • Acepta ter que esperar a súa quenda • Acepta as regras do xogo • Participa nos xogos cunha postura colaborativa e non dominante nin sumisa

	Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e respecta as normas da escola • Actúa autonomamente • Respecta a compañeiras, compañeiros e persoas adultas. • Entende as consignas e séguelas
	Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	<ul style="list-style-type: none"> • Desprázase de forma autónoma, advertindo os perigos e amosando actitudes prudentes
	Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.	<ul style="list-style-type: none"> • Amosa cautela ante situacións descoñecidas..
AREA 2:Coñecemento do contorno	Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	<ul style="list-style-type: none"> • Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá • Coñece a serie numérica
	Propoñer e resolver problemas sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> • Resolve situacións problemáticas localizando datos numéricos • Realiza cálculos mentais

	<p>Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación cos obxectos e as demais persoas, usando vocabulario topolóxico elemental.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dun obxecto ou persoas • Representa e interpreta o espazo empregando planos, debuxos, fotografías, mapas...
	<p>Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • É quen de rexistrar as súas observacións • Mantén unha actitude observadora o que lle permite ter moitos coñecementos dos elementos do medio
	<p>Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Representa con debuxos o observado ou experimentado • Goza ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. • É respectuoso-a co medio no que vive

	relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.	
	Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.	<ul style="list-style-type: none"> • Mostra interese polas celebracións ou eventos da escola, familia ou localidade.
AREA 3: Linguaxe: comunicación e representación	Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	<ul style="list-style-type: none"> • Mantén unha actitude de escoita e respecto cara ás demais persoas. • Usa frases de construción sinxela. • Emprega estruturas afirmativas, negativas, interrogativas, admirativas... axeitadamente e con entoación correcta.
	Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	<ul style="list-style-type: none"> • Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas. • Comprende instrucións sinxelas. • Comprende ordes complexas que implican dúas ou tres accións consecutivas.

	<p>Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais. • Reproduce, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos.
	<p>Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Combina diferentes recursos expresivos de maneira orixinal • Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais (papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro...) como recurso e medio de expresión. • Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos soportes (pantalla do ordenador, mesa de area, retroproector, encerado dixital...) como recursos e medio de expresión.
	<p>Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC. • Recoñece a utilidade da cámara fotográfica como ferramenta para captar a realidade. • Utiliza, na medida das súas posibilidades, as ferramentas tecnolóxicas como medios de expresión


e. Alumnado e profesorado participante

Todo o profesorado pertencente ao CRA, participou e colaborou no desenvolvemento do proxecto, destacando o papel das **titoras** ao realizar as actividades propostas pola coordinadora. No caso do alumnado, todos participaron nas actividades levadas a cabo na aula e nos exteriores, no contexto familiar, pero cabe destacar o papel daqueles **alumnos/as** que xunto coas súas **familias** entregaron material gráfico para a composición do proxecto. Traballouse en colaboración con outros equipos do centro: DLG, Complementarias, Tic, Biblioteca Creativa.

3. **Obxecto ou temática de investigación propostos.**

O Proxecto partiu da idea inicial dunha das aulas do CRA de explorar e investigar sobre o Río Miño, tema que foi substituído polo de patrimonio cultural de Tui, converténdose así no tema central do proxecto.

- Que coñeces do lugar onde vives? Que sabes dese sitio?
- Que é o que mais che gusta? E por que?
- Céntame algo dun lugar da parroquia



Así foi como se iniciou o proxecto, demandando unha información ao alumnado que na maioría dos casos ía implícito a axuda e colaboración das familias.

4. **Proceso de deseño e elaboración da proposta**

A creación deste proxecto surxiu a raíz da participación no programa “Escornabots na biblioteca escolar” ao cal nos aderimos no curso 2017/18, e o interese de presentar a contorna ao alumnado. Partimos dunha idea inicial de fomento da lingua oral por parte do alumnado que na maioría é castelá falante. A preocupación pola perda da nosa lingua na contorna onde vivimos, foi o punto de partida para decidir o que elaboraríamos e que queríamos obter.

Para acadar o que sería o produto final custou moito arrancar, porque sabíase o que se quería pero non se chegaba a consenso sobre as actividades a levar a cabo. Unha vez tomadas as decisións, houbo que elaborar un plan de acción a largo prazo.

Estas foron as fases iniciais establecidas, pero por suposto non definitivas, cunha liñas xerais de actuacións:

- CURSO 2017/18: recopilación de datos
 - Comunicado as Familias informando da idea do proxecto e petición de colaboración.
 - Novo comunicado ás familias explicando en que consistía a colaboración.
 - Deseño de actividades para as titoras levar a cabo na aula.
 - Recollida e clasificación das primeiras aportacións das familias.
 - Edición e montaxe de códigos QR
- CURSO 2018/19: creación e montaxe do mapa xigante
 - Comunicado as familias novas do CRA e recordarllo ás demais familias a participación no proxecto, e petición de mais colaboración.
 - Deseño de novas actividades
 - Montaxe do mapa xigante de Tui
- CURSO 2019/20: ampliación de contidos
 - Comunicarase unha vez máis a todas as familias a participación do proxecto.
 - Ampliarase os contidos a outros ámbitos.
 - Posible colaboración co país veciño dada a pertenza de Tui na Eurocidade.

5. **Actividades**

Tarefa	Actividades
Inicio – Punto de partida	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Póster Anunciador ❖ Carta/comunicado as familias ❖ Lista para anotarse

A miña aula está...	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Puzzle numéricos, con letras, con imaxe sobre o nome da aula. ❖ Recoñecer as letras e ser quen de formar o nome da aula. ❖ Iniciarase na escritura ❖ Inicio no uso do escornabot seguindo códigos dados
Recolida da Información dos recantos	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Gravación do vídeo ❖ Toma de fotografías ❖ Gravación de audios
Roteiro Poético	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Deseño dunha busca de tesouro con diversas actividades de resolución de enigmas e probas físicas, onde o fío condutor era a poesía polos monumentos con encanto de Tui. ❖ Gravación dos enigmas ❖ Conversión dos audios a códigos QR ❖ Impresión do material necesario para as probas
Onde vivo hai...	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Identificación dos lugares da propia parroquia ❖ Uso do escornabot para asociar imaxes e palabras
Eu son de...	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Librito de diversas actividades matemáticas, lectoescritura, plástica, etc. ❖ Imaxes impresas dos recantos recollidos para saber ubicar no mapa. ❖ Taboleiro do mapa de Tui impreso en A3 (3x4) para identificar e recoñecer as parroquias así mesmo como identificar/ubicar os lugares.
Creación e montaxe do taboleiro	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Impresión do mapa de Tui en dimensión de 4 metros de largo por 2 metros de ancho, delimitado as parroquias. ❖ Aloxamento dos audios e vídeos para posterior conversión de códigos QR ❖ Pegado, cortado e plastificado do mapa nos taboleiros de madeira habilitados para tal fin. ❖ Impresión e plastificado das imaxes e códigos QR para pegar no mapa.

6. Recursos

- Humanos: profesorado, as familias, responsables do concello,...
- Materiais: material funxible, recursos fotográficos e videográficos, informáticos, telemáticos, robótica.
- Naturais: os montes , ríos , regatos , soutos, parques naturais,...
- Recursos inmateriais: poesías, refráns, lendas,...
- Recursos patrimoniais-etnográficos: fontes, lavadoiros, cruceiros, catedral, ponte, esculturas,...

7. **Implicación da comunidade educativa**

Toda a comunidade educativa participou no proxecto propoñendo recantos con encanto, realizando gravacións, resolvendo enigmas e retos cos seus fillos-as, participando no roteiro poético, gravando PODCAST. Pero ademais colaborou a Concellería de Educación e de Cultura, a Radio Municipal de Tui publicitando o proxecto e as diferentes saídas (roteiro Poético), cidadanía que aportaba datos extras sobre a historia dos recantos con encanto de Tui. Este proxecto naceu a partir das propostas das familias e foi medrando coas aportacións da Cidadanía.

8. **Difusión dos traballos**

As actividades do Proxecto foron difundidas a través do blogue de biblioteca na pestana "[TUI:Recantos con encanto](#)" onde fomos mostrando as actividades levadas a cabo.

O **Concello de Tui**, colaborou doando os taboleiros e dando os permisos necesarios para realizar unha das actividades na saída denominada "Roteiro Poético".

As **familias** tiveron a oportunidade de ver cómo está evolucionando o proxecto, na entrega de orlas deste curso 2018/19, pois unha vez máis o **Concello** colaborou cedendo a **sala de plenos** para poder presentarlles o mapa con parte da información recollida.

Este taboleiro, permanecerá durante os meses de xullo e agosto exposto na **biblioteca municipal de Tui** para uso e disfrute dos usuarios e retornará ao centro, ao inicio do curso escolar seguinte para continuar o traballo de investigación e elaboración de material.

Tamén a través da Radio Municipal de Tui fíxose eco deste proxecto anunciando o roteiro ou pedindo que as persoas da cidadanía apostasen ou propuxeran recantos con encanto de Tui.

9. **Participación da biblioteca escolar**

A biblioteca escolar foi o eixo motor de onde partiu todo o proxecto, pois grazas ao programa “Escornabot na biblioteca escolar” surxiu a idea de traballar a contorna de Tui a través dunha alfombra xigante onde o alumnado puidese coñecer todas as parroquias que forman parte do CRA.

Así mesmo, foi a impulsora de cada actividade que se levou a cabo, pois a coordinadora do proxecto foi a mesma coordinadora do “Plan de Escornabots na biblioteca escolar” agora chamada “Biblioteca Creativa” convertendo á biblioteca en creadora de contidos.

Como fonte de reunións coas familias e como centro de información de datos, a biblioteca cumpriu un enorme papel protagonista.

O blogue da biblioteca converteuse no difusor do proxecto, e pódese consultar todo o publicado no seguinte enlace:

<https://bibliotecamestraclaratorres.blogspot.com/search/label/Recantos%20con%20Encanto>

